



2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1 e E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56 e E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Os transportes públicos regulares de viaxeiros poden ser, pola súa utilización:

- A) Urbanos e interurbanos.
- B) De uso xeral e de uso especial.
- C) Provinciais e autonómicos.
- D) Locais e proximidade.

2. A posición de seguridade dun ferido inconsciente, que mantén a respiración e comeza a vomitar, debe ser a seguinte:

- A) Situarase ao ferido coa cabeza de lado e a boca máis baixa.
- B) Situarase ao ferido tendido boca arriba.
- C) Situarase ao ferido tendido boca abaixo.
- D) Todas as posicións descritas anteriormente son correctas.

3. Que provoca unha baixa presión nos pneumáticos?

- A) Reduce o risco de aquaplanin.
- B) Minimiza o risco de rebentón.
- C) Aumenta o consumo.
- D) O vehículo alcanza máis velocidade.

4. Un vehículo especial, que circula por estrada convencional e carece de sinalización de freado, non debe de pasar a velocidade máxima de:

- A) 50 km/hora.
- B) 40 km/hora.
- C) 25 km/hora.
- D) 30 km/hora.

5. Un transporte público de viaxeiros discrecional é aquel que:

- A) Se leva a cabo dentro dun itinerario preestablecido.
- B) Se leva a cabo con suxeición a un calendario e horario prefixados.
- C) Se leva a cabo sen suxeición a itinerario, calendario nin horario preestablecidos.
- D) Por razón da súa urxencia está sometido a normas administrativas especiais.

6. De conformidade co artigo 383 do Código Penal, o condutor que, requirido por un axente da autoridade se negare a someterse ás probas legalmente establecidas para a comprobación da taxa de alcoholemia, será castigado:

- A) Con pena de prisión e privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores, polo tempo que se indica no Código Penal.
- B) Coa privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores durante os cinco anos seguintes.
- C) Cunha multa de entre 1.000 e 3.000 euros.
- D) Coa pena de traballos en beneficio da comunidade, durante o tempo que se indica no Código Penal.

7. Indique, dos que se citan, os que sexan factores que inflúen na seguridade na condución:

- A) Observación.
- B) Previsión.
- C) Anticipación.
- D) Todas son correctas.

8. Os motores de combustión utilizados en automoción clasifícanse en:

- A) Polo movemento que realizan, en alternativos e rotativos.
- B) Polo método de traballo, de catro tempos e dous tempos.
- C) Polos tipos de combustión e combustible, de gasolina por acendido con chispa e diésel con ignición espontánea.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

9. As estacións transformadoras móbiles e vehículos adaptados para a maquinaria de circo ou feiras recreativas ambulantes, pasarán ITV bienal, cando teñan a seguinte antigüidade a partir da data da primeira matriculación:

- A) De 4 a 6 anos.
- B) De máis de 10 anos.
- C) De 6 a 8 anos.
- D) De 8 a 10 anos.

10. A velocidade máxima permitida para vehículos en vías sen pavimentar é de:

- A) 30 km/hora.
- B) 50 km/hora.
- C) 20 km/hora.
- D) 25 km/hora.

11. Cal dos seguintes factores inflúen na emisión de contaminantes nun vehículo?

- A) A distribución e a estratificación da carga.
- B) A calidade do aceite.
- C) O mantemento do vehículo.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

12. NON é un factor que poida afectar ao tempo de reacción do condutor:

- A) Os reflexos.
- B) A idade.
- C) O vehículo.
- D) O estado psicofísico.

13. As ambulancias destinadas a proporcionar soporte vital avanzado pertencen:

- A) Á clase A1.
- B) Á clase A2.
- C) Á clase B.
- D) Á clase C.

14. Segundo o artigo 2 do Regulamento Xeral de Condutores, os permisos ou licenzas de condución son expedidos, con carácter xeral e agás excepcións:

- A) Polas Xefaturas Provinciais de Tráfico.
- B) Pola Dirección Xeral da Garda Civil.
- C) Pola Dirección Xeral da Policía.
- D) Pola Delegación do Goberno en cada comunidade autónoma.

15. Considérase seguridade activa no vehículo:

- A) O chasis.
- B) O cinto de seguridade.
- C) Os frenos.
- D) Os limpaparabrisas.

16. Prodúcense máis distraccións:

- A) Cando se circula acompañado.
- B) Entre mozos de 18 a 25 anos.
- C) Polo manexo da radio.
- D) Todas as respostas son correctas.

17. Como se denomina o elemento que serve de soporte de todos os compoñentes dun motor de combustión?

- A) Pistón.
- B) Bulón.
- C) Bloque motor.
- D) Árbore de levas.

18. As inspeccións técnicas de vehículos efectuaranse con carácter xeral:

- A) Nunha estación ITV debidamente habilitada.
- B) Nun taller mecánico autorizado.
- C) Na gasoleneira máis próxima ao domicilio do titular do vehículo.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

19. Os defectos en materia de inspección técnica de vehículos, clasifícanse en:

- A) Leves, graves e moi graves.
- B) Graves e moi graves.
- C) Leves e graves.
- D) Menos graves, graves e moi graves.

20. Deberán utilizar obrigatoriamente un dispositivo de retención adaptado ao seu tamaño e ao seu peso:

- A) As persoas cuxa estatura non alcance os 135 centímetros.
- B) As persoas cuxa estatura non alcance os 150 centímetros.
- C) As persoas cuxa estatura non alcance os 140 centímetros.
- D) As persoas cuxa estatura non alcance os 145 centímetros.

21. Nun turismo pode sobresaír a carga?

- A) Un 10% da lonxitude do vehículo pola parte posterior se a carga é divisible.
- B) Non.
- C) Un 15% da lonxitude do vehículo pola parte posterior se a carga é indivisible.
- D) As respostas a e c son correctas.

22. Os transportes por estrada que se levan a cabo por conta allea mediante retribución económica denomínanse na Lei de ordenación dos transportes terrestres:

- A) Públicos.
- B) Privados.
- C) Autonómicos.
- D) Nacionais.

23. A Dirección Xeral de Tráfico recomenda levar nos vehículos un pequeno botiquín no que se inclúa o seguinte material:

- A) Luvas cirúrxicas.
- B) Algodón estéril.
- C) Unha solución desinfectante.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

24. A velocidade máxima para un autobús en autovía é:

- A) 80 km/h.
- B) 100 km/h.
- C) 120 km/h.
- D) 90 km/h.

25. Para que o pneumático sexa eficaz o seu debuxo debe ter unha profundidade mínima de:

- A) 1.6 milímetros.
- B) 3 milímetros.
- C) 0.6 milímetros.
- D) 1 milímetro.

26. Nunha intersección, hai un sinal vertical de ceda o paso e un sinal horizontal de stop. A cal se debe obedecer?

- A) A ningún.
- B) Ao sinal de stop, porque é mais restritivo.
- C) Ao sinal de ceda o paso.
- D) A calquera.

27. Os vehículos de motor concibidos e fabricados principalmente para o transporte de persoas e das súas equipaxes, cun máximo de oito prazas, excluída a do condutor pasarán a ITV periódica, segundo o tempo transcorrido desde a súa primeira matriculación, coa seguinte frecuencia:

- A) Ata 5 anos: exento.
- B) De máis de 4 anos: anual.
- C) De 4 a 10 anos: bienal.
- D) De máis de 10 anos: semestral.

28. A vixencia das autorizacións administrativas para conducir subordínase a:

- A) A aptitude das vías polas que se circule.
- B) Que se manteñan os requisitos esixidos para o seu outorgamento.
- C) Determínase en cada caso un Axente de Autoridade.
- D) Depende do concello no que se soliciten as ditas autorizacións.

29. Para circular con seguridade nas curvas é certo que se debe:

- A) Circular de forma que se deixe sempre completamente libre a zona que corresponde ao sentido contrario.
- B) Moderar a velocidade de aproximación non superando os límites de velocidade aconsellados.
- C) É preferible sempre entrar na curva a unha velocidade inferior e aumentar a velocidade dentro dela e evitar calquera freada na propia curva, desta forma auméntase a capacidade de agarre do pneumático e á vez evítase o risco de derrapaxe.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

30. A placa de matrícula posterior debe estar o suficientemente iluminada como para permitir ler a inscrición a unha distancia mínima de:

- A) 50 metros.
- B) 30 metros.
- C) 20 metros.
- D) 15 metros.

31. O permiso de condución de clase AM:

- A) Autoriza para conducir ciclomotores de dúas ou tres rodas e cuadríciclos lixeiros, aínda que poderá estar limitado á condución de ciclomotores de tres rodas e cuadríciclos.
- B) Autoriza para conducir ciclomotores só de dúas rodas e cuadríciclos lixeiros, aínda que poderá estar limitado á condución de ciclomotores de tres rodas e cuadríciclos.
- C) Autoriza para conducir ciclomotores só de tres rodas e cuadríciclos lixeiros, aínda que poderá estar limitado á condución de ciclomotores de tres rodas e cuadríciclos.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

32. Os planetarios do diferencial:

- A) Non transmiten o xiro.
- B) Son volteados pola coroa, pero poden virar sobre o devandito eixo, transmitindo o seu xiro ao actuar como cuñas.
- C) Alozan os seus eixos na coroa e caixa (con interposición de cascos), e están unidos aos palieres, aos que transmite o xiro.
- D) Logran que, o que perde en xiro unha roda, pórdao tamén a outra ao describir a curva.

33. Cales son os factores que inflúen na durabilidade dos pneumáticos?

- A) Estilo de condución.
- B) Velocidade.
- C) Carga.
- D) Todas as respostas son correctas.

34. Cal é a velocidade mínima permitida en autovía?

- A) 70 km/h.
- B) 60 km/h.
- C) Non hai velocidade mínima.
- D) 50 km/h.

35. Os documentos dos vehículos serán:

- A) Orixinais, podendo ser substituídos por fotocopias.
- B) Orixinais, podendo ser substituídos por fotocopias, se están debidamente cotexadas.
- C) Sempre orixinais.
- D) Orixinais, podendo ser substituídos por fotocopias en casos excepcionais.

36. Indique cal das seguintes actuacións constitúe un delito contra a seguridade vial no Código Penal español:

- A) A condución dun vehículo de motor baixo a influencia de drogas tóxicas.
- B) A condución dun vehículo de motor con temeridade manifesta e poñendo en perigo a vida e integridade das persoas.
- C) A condución dun ciclomotor sen ter obtido o permiso ou licenza de conducir.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

37. Das seguintes afirmacións respecto á revisión do embrague, sinala a falsa:

- A) As pancas non deben presentarse desgastadas: a súa altura respecto ao plano horizontal debe de ser especificada.
- B) O casco de apoio do eixo primario da caixa de cambios, non debe de estar roto nin desgastado.
- C) Non é preciso comprobar folguras no disco e o seu axuste ao eixo primario da caixa de cambios.
- D) O tope de empuxe non debe presentar defectos no seu rodamento axial.

38. Co carné tipo B, cantas persoas podo transportar?

- A) 9 incluído o condutor.
- B) 5 incluído o condutor.
- C) 8 incluído o condutor.
- D) 4 incluído o condutor.

39. Nunha glorieta, o comportamento do condutor, en canto a prioridade de paso:

- A) Vén marcado pola norma, debendo ceder sempre o paso a quen circula polo interior.
- B) A sinalización sempre serve para reforzar ou lembrar a norma.
- C) A sinalización pode romper a norma, establecendo un comportamento diferente.
- D) As respostas A) e B) son correctas.

40. Quen regula o transporte por estrada?

- A) A Dirección Xeral de Transporte Terrestre do Ministerio de Transporte, Movilidade e Axenda Urbana.
- B) A Dirección Xeral de Tráfico.
- C) Os Concellos.
- D) As Comunidades Autónomas.

41. A función dos sistemas de seguridade pasiva dun vehículo:

- A) Consiste en evitar que se produza un accidente.
- B) Consiste en evitar ou diminuír os danos que se produzan en caso de accidente.
- C) É a mesma que a dos sistemas de seguridade activa.
- D) Consiste en incrementar a eficiencia e confort na condución.

42. Segundo o artigo 4 do Decreto 818/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Condutores, todas as clases de permiso de condución das que sexa titular unha persoa deberán constar:

- A) Nun único documento con expresión das categorías de vehículos cuxa condución autorizan.
- B) En varios documentos se o permiso obtívose en diferentes datas, cun límite de seis documentos.
- C) En varios documentos se o permiso obtívose en diferentes datas, cun límite de cinco documentos.
- D) Ningunha resposta é correcta.

43. Cando debo poñer no vehículo o distintivo de itv?

- A) Cando superase favorablemente a inspección.
- B) Non é necesario poñelo en ningún caso.
- C) Só é necesario poñer o distintivo si circulo por autopista.
- D) Soamente ao superar a primeira inspección.

44. O permiso de condución de clase B autoriza para conducir vehículos cuxa masa máxima autorizada non exceda de:

- A) 3500 kg.
- B) 2500 kg.
- C) 3000 kg.
- D) 4500 kg.

45. Indique cal dos seguintes constitúe un sistema de seguridade activa nun turismo:

- A) O sistema antibloqueo de freos ou ABS.
- B) O airbag.
- C) O cinto de seguridade.
- D) As respostas A) e C) son correctas.

46. Os transportes por estrada que se efectúan dentro de itinerarios preestablecidos e suxeitos a calendarios e horarios prefixados denomínanse:

- A) Discrecionais.
- B) Regulares.
- C) Privados.
- D) Mixtos.

47. Que é unha travesía?

- A) Tramo de estrada que discorre por un poboado sen outra alternativa.
- B) Todas as vías dunha poboación.
- C) Tramo de estrada fóra de poboado.
- D) Toda vía pública pavimentada.

48. A que velocidade máxima poderá circular, por unha autovía, un automóbil que arrastra un remolque de 700kg de MMA?

- A) 90 km/hora.
- B) 100 km/hora.
- C) 80 km/hora.
- D) 120 km/hora.

49. Que tipo de gas se emprega na ampola das lámpadas halóxenas?

- A) Cuarzo.
- B) Xenon.
- C) Argon.
- D) Iodo.

50. Cando é recomendable realizar unha parada na conducción?

- A) Cada 100 km.
- B) Cada 200 km.
- C) Cada media hora de conducción.
- D) Cando se note algún síntoma de fatiga.

51. Hai velocidade mínima en estrada convencional para turismos?

- A) Non.
- B) Si, 50 km/hora.
- C) Si, 45 km/hora.
- D) Si, 30 km/hora.

52. Para conducir automóbiles cuxa carga máxima autorizada exceda de 3500 quilogramos e non sobre pase os 7500 quilogramos e cuxo número de asentos, incluído o do condutor, non exceda de nove, requírese o permiso de clase:

- A) D.
- B) B + E.
- C) D1.
- D) C1.

53. As iniciais LOTT atenden á Lei:

- A) De ordenación de terra e todo terreo.
- B) De ordenación de transportes terrestres.
- C) De ordenación de transportes e transmisións.
- D) De ordenación de totalidade dos transportes.

54. As autorizacións de transporte sanitario outorgadas consonte a Orde do 23 de xullo de 2013, pola que se desenvolve o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres en materia de transporte sanitario por estrada:

- A) Habilitan para realizar transporte exclusivamente no territorio da Comunidade Autónoma na que o seu titular ten o domicilio fiscal.
- B) Teñen un prazo de duración prefixado de cinco anos.
- C) Habilitan para realizar transporte exclusivamente cos vehículos que se lle vinculasen mediante a inscrición da súa matrícula no Rexistro de Empresas e Actividades de Transporte.
- D) As respostas A) e C) son correctas.

55. Os transportes públicos regulares de viaxeiros, que se levan a cabo de forma continuada para atender necesidades de carácter estable, segundo a súa clasificación denomínanse:

- A) Permanentes.
- B) De uso xeral.
- C) Temporais.
- D) De uso especial.

56. Se imos transportar persoas e carga simultaneamente nun automóbil:

- A) O volume da carga non debe superar ao de persoas en ningún caso.
- B) Debemos levar a protección adecuada.
- C) Soamente poderemos realizalo en vehículos de máis de 3500 kg.
- D) En ningún caso transportaremos persoas e carga simultaneamente.

57. Alberto, condutor dun automóbil, veuse implicado o xoves pasado ás once e media da mañá nun accidente de tráfico, cando circulaba pola autoestrada A-9 en condicións de visibilidade reducida debido a unha intensa choiva. Que medidas debe adoptar en relación coa seguridade da circulación?:

- A) Está obrigado a acender o sinal de emerxencia.
- B) Está obrigado a colocar, alomenos, un triángulo de presinalización de perigo diante do vehículo.
- C) Debe colocar os dous triángulos de presinalización do perigo regulamentarios, a 100 metros de distancia como mínimo, do vehículo.
- D) As respostas A) e C) son correctas.

58. Sinale que peza NON forma parte dun motor de combustión:

- A) A válvula de levas.
- B) O cegoñal.
- C) A culata.
- D) O cárter.

59. Juan circula por un tramo en obras. Que cor de fondo teñen os sinais asociados a estes tramos?

- A) Branco.
- B) Amarelo.
- C) Azul.
- D) Verde.

60. Se en autovía temos unha emerxencia que nos obriga a circular a unha velocidade anormalmente reducida:

- A) Sairemos da autovía na primeira saída.
- B) Utilizaremos a luz de emerxencia.
- C) Paramos na beiravía.
- D) As respostas a e b son correctas.

61. Andrés ten unha motocicleta con potencia máxima de 12 kw e quere prestarlla ao seu amigo Carlos, que soamente ten en vigor o permiso de clase B con cinco anos de antigüidade. Sinale a resposta CORRECTA:

- A) Cunha antigüidade superior a tres anos, poderá conducir esta motocicleta dentro do territorio nacional.
- B) Cunha antigüidade superior a dous anos, poderá conducir esta motocicleta.
- C) Cunha antigüidade superior a catro anos, poderá conducir esta motocicleta.
- D) Co permiso de clase B non podería conducir esta motocicleta.

62. Carlos viaxa co seu automóbil de Coruña a Madrid pola autoestrada. Cales dos seguintes son síntomas indicativos de fatiga ao volante?

- A) Circular pegado á liña lonxitudinal, continua ou discontinua, do centro da calzada.
- B) Non recordar tramos da viaxe realizada.
- C) Formigo nos ollos.
- D) Todos son síntomas da fatiga ao volante.

63. Unha ambulancia da Fundación Pública Urxencias Sanitarias-061, clase C, acode a prestar asistencia sanitaria a unha vítima dun accidente de tráfico ocorrido no quilómetro 66 da estrada que une as cidades de Santiago e Lugo. Con que dotación de persoal debe contar esta ambulancia?

- A) É suficiente cun condutor que estea en posesión do título de formación profesional de técnico en emerxencias sanitarias ou correspondente título estranxeiro homologado ou recoñecido.
- B) É suficiente cun condutor que ostente como mínimo o certificado de profesionalidade de transporte sanitario e cando o tipo de servizo o requira, outro en función de axudante, coa mesma cualificación.
- C) Cun condutor en posesión do título de formación profesional de técnico en emerxencias sanitarias ou correspondente título estranxeiro homologado ou recoñecido e un enfermeiro. Ademais, cando a asistencia a prestar o requira debe contar cun médico.
- D) Cun condutor en posesión do título de formación profesional de técnico en emerxencias sanitarias ou correspondente título estranxeiro homologado ou recoñecido e un médico.

64. A Juan, condutor de ambulancia, chámalo para trasladar un paciente de Lugo a Palencia. Ten que ter en conta que é recomendable, cando se vai iniciar unha viaxe longa:

- A) Beber líquidos quentes.
- B) Comer de forma lixeira.
- C) Beber abundante café para manterse esperto.
- D) Programalo coa ruta, horas de paso, hora de chegada, etc.

65. Se observamos desgaste irregular nos pneumáticos:

- A) Comprobaremos a presión de inflado.
- B) Aliñaremos a dirección.
- C) Revisaremos o sistema de amortiguación.
- D) Todas as respostas son correctas.

66. Se comete unha infracción en materia de tráfico esta prescribirá segundo a Lei de tráfico:

- A) Nun mes se a infracción é leve.
- B) En 6 meses se a infracción é grave.
- C) Nun ano se a infracción é moi grave.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

67. Que función realiza o líquido anticoagulante no circuito de refrixeración dun motor de combustión?

- A) Evitar a oxidación das pezas metálicas.
- B) Protexer as pezas de goma.
- C) Evitar a formación de lodos e escumas.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

68. Onde situaremos a un menor de idade con 1,50 de estatura?

- A) No asento traseiro con retención infantil homologada.
- B) No asento dianteiro con retención infantil homologada.
- C) Unicamente no asento traseiro sen retención infantil.
- D) En calquera dos asentos.

69. Se conduces cun inhibidor de radar instalado no vehículo, constitúe unha infracción:

- A) Leve.
- B) Grave.
- C) Moi grave.
- D) Non constitúe ningunha infracción administrativa.

70. Cal é a orde de prioridade entre estes tipos de sinais?

- A) Verticais, balizamento e marcas viarias.
- B) Balizamento, verticais e marcas viarias.
- C) Verticais, marcas viarias e balizamento.
- D) Balizamento, marcas viarias e verticais.

71. Como podemos alongar a vida útil dos pneumáticos?

- A) Utilizar excesivamente o sistema de freado.
- B) Incrementaremos a presión de inflado recomendada polo fabricante.
- C) Intercambiarémolos de posición cada certo tempo.
- D) Evitaremos conducir nas horas nocturnas.

72. Pedro ten un coche con inxección multipunto, o que quere dicir que ten:

- A) 4 inxectores por cilindro.
- B) 2 inxectores por cilindro.
- C) Un inxector por cilindro.
- D) 4 ou máis inxectores por cilindro.

73. Se teño que realizar operacións de carga e descarga na vía:

- A) Inmobilizarei o vehículo adecuadamente.
- B) Non depositarei a mercadoría na zona peonil.
- C) Procurarei utilizar o lado do vehículo máis próximo ao bordo da calzada.
- D) Todas as respostas son correctas.

74. Un condutor procede a efectuar a manobra de estacionamento do seu turismo nunha rúa do centro dunha cidade, sen ter abrochado o cinto de seguridade. Sinala a afirmación correcta:

- A) O uso do cinto de seguridade é obrigatorio para realizar a manobra de estacionamento do vehículo.
- B) A normativa española exime do uso do cinto de seguridade para a realización desta manobra.
- C) Pódese quitar o cinto de seguridade para realizar a manobra de estacionamento do vehículo, só se está xustificando.
- D) Non se indica nada na normativa actual española sobre a obriga de utilización do cinto de seguridade para a realización da manobra de estacionamento.

75. Juan atópase no seu percorrido diversos sinais de forma triangular co bordo vermello e fondo branco, que indican case sempre estes sinais?

- A) Son sinais de advertencia de perigo.
- B) Son sinais de prohibición de entrada.
- C) Son sinais informativos de servizos públicos.
- D) B e c son correctas.

76. Juan foi sancionado por condución temeraria, isto leva consigo unha perda de:

- A) 4 puntos.
- B) 6 puntos.
- C) 8 puntos.
- D) A perda do seu permiso ou licenza de conducir.

77. Para localizar os puntos de fuga de líquido nun vehículo, hai que ter en conta que:

- A) Os puntos de fuga maniféstanse pola presenza de depósitos de cor negruzca.
- B) Os puntos máis usuais adoitan ser o radiador, as unións de manguitos con bloque ou radiador, a bomba de auga e o termóstato.
- C) Cando a fuga é cara ao cárter, maniféstase por unha baixada do nivel de aceite.
- D) A presenza de burbullas no vaso de expansión e a subida do nivel deste ao acelerar, son indicadores claros de fuga no termóstato.

78. Manuel, de 23 anos, pregunta na autoescola cal é a idade mínima para poder sacar o carnet de conducir C1. Sinale a resposta CORRECTA:

- A) 21 anos cumpridos.
- B) 22 anos cumpridos, sempre que sexa titular do certificado de aptitude profesional (CAP).
- C) 18 anos cumpridos.
- D) 25 anos cumpridos.

79. O meu permiso de conducir da clase D1, terá un período de vixencia:

- A) De 5 anos, mentres eu non cumpra os 45 anos.
- B) De 5 anos, mentres eu non cumpra os 55 anos.
- C) De 5 anos, mentres eu non cumpra os 65 anos.
- D) De 2 anos, se eu excedo os 65 anos.

80. Se o resultado da miña inspección técnica fose desfavorable, a correspondente estación ITV concederalle ao titular do vehículo un prazo para emendar os defectos inferior a:

- A) 1 mes.
- B) 15 días.
- C) 2 meses.
- D) 30 días.

81. Cando aumentamos a velocidade, que recomendación das seguintes deberíamos seguir:

- A) Debemos mirar máis lonxe.
- B) Vixiaremos os retrovisores.
- C) Miraremos aos lados.
- D) Controlaremos o ángulo morto.

82. Pedro realiza transportes públicos regulares de viaxeiros e sabe que pola súa continuidade estes poden ser:

- A) De uso xeral.
- B) Permanentes e temporais.
- C) De uso especial.
- D) De uso xeral e especial.

83. Que faremos se derrapa o tren dianteiro dun automóbil?

- A) Virar o volante en sentido contrario á curva.
- B) Virar o volante en sentido da curva.
- C) Acelerar.
- D) Frear.

84. Se vostede conduce utilizando cascos, auriculares ou outros dispositivos que diminúan a obrigatoria atención permanente á conducción, esta conduta será sancionable como:

- A) Unha infracción grave.
- B) Unha infracción leve.
- C) Unha infracción moi grave.
- D) Só conleva unha multa administrativa.

85. En materia de primeiros auxilios, que significado teñen as siglas RCP?

- A) Resucitación cardioprioritaria.
- B) Reanimación cardiopulmonar.
- C) Protocolo de reanimación consciente.
- D) Respiración–consciencia–pulso.

86. O permiso de conducción de Pedro ten a súa vixencia vencida:

- A) Pedro pode seguir conducindo sempre que o vencemento non exceda de 12 meses.
- B) Pedro non está autorizado para conducir.
- C) Pedro pode seguir conducindo sempre que o vencemento non exceda de 6 meses.
- D) Pedro pode seguir conducindo porque aínda lle quedan dous puntos da súa asignación inicial.

87. Antonio tivo un accidente de tráfico coa consecuencia dun ocupante do vehículo contrario lesionado. Desexa contactar co Servizo de Emerxencias. Que número de teléfono debe marcar?

- A) 112.
- B) 085.
- C) 901.
- D) 016.

88. Juan vai conducindo e atópase con néboa moi densa na estrada. Que debe facer?

- A) Acurtar a distancia co vehículo que lle precede para aproveitar a visibilidade que nos achega.
- B) Procurará realizar adiantamentos seguros para evitar obstáculos.
- C) Pechará as ventás.
- D) Deixará de conducir se non hai visibilidade.

89. Como procederemos se queremos reducir considerablemente a velocidade?

- A) Asegurarémonos de que non representa perigo.
- B) Advertilo co uso reiterado das luces de freado.
- C) Advertilo movendo o brazo esquerdo arriba e abaixo con movementos curtos.
- D) Todas as respostas son correctas.

90. Juan é o encargado de estibar a carga no seu camión, o que significa que:

- A) Pode colocar a carga como lle sexa máis cómodo.
- B) Ten que colocar e distribuír a mercadoría de forma adecuada para o seu transporte.
- C) Pode distribuír a mercadoría de forma aleatoria.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

91. Antonio, taxista de profesión, de 56 anos de idade, encóntrase de servizo circulando por unha carretera convencional. Indique a afirmación correcta, de conformidade co artigo 119 do Regulamento Xeral de Circulación:

- A) Antonio está obrigado a circular co cinto de seguridade abrochado.
- B) Antonio, por razón da súa idade, non está obrigado a levar o cinto de seguridade posto.
- C) Antonio, por razón da súa profesión, non está obrigado a levar o cinto de seguridade abrochado.
- D) Antonio unicamente está obrigado a levar o cinto de seguridade posto se circula a unha velocidade superior a 50 km/hora.

92. Vostede conduce de noite, que debe facer durante a conducción nocturna?

- A) Manter a distancia de seguridade adecuada.
- B) Non mirar directamente as luces doutros vehículos.
- C) Encender as luces largas en todo caso.
- D) As respostas a) e b) son correctas.

93. José instala as luces de posición no seu automóbil, deberá ter en conta que teñen que ser visibles a unha distancia mínima de:

- A) 150 metros.
- B) 200 metros.
- C) 250 metros.
- D) 300 metros.

94. Pedro dedícase ao arrendamento de vehículos de carretera sen condutor. El, como xerente da empresa, debe saber que, a efectos da lexislación de transportes, considérase:

- A) Transporte de mercadorías.
- B) Transporte de viaxeiros.
- C) Actividade auxiliar e complementaria do transporte.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

95. Que faremos ao aproximarnos a un autobús parado?

- A) Aumentar a velocidade.
- B) Utilizar a bucina para advertir aos pasaxeiros que poidan aproximarse á calzada.
- C) Moderar a velocidade.
- D) Manter o límite de velocidade autorizada.

96. Que vehículos deben ter subscrita unha póliza de seguro obrigatorio?

- A) Todos os vehículos idóneos para circular pola superficie terrestre e impulsados a motor, incluídos os ciclomotores e bicicletas.
- B) Todos os vehículos de motor e os ciclomotores, pero en ningún caso os remolques ou semirremolques.
- C) Todos os vehículos de motor, cadeiras de rodas e remolques ou semirremolques cuxa masa máxima autorizada non exceda de 750 quilogramos.
- D) Todos os vehículos idóneos para circular pola superficie terrestre e impulsados a motor, incluídos ciclomotores así como remolques e semirremolques que excedan de 750 quilogramos de masa máxima autorizada.

97. O coche de Pedro indica un fallo no ABS (Anti-lock Braking System). ¿que sistema pode verse comprometido principalmente?

- A) O sistema de freada.
- B) O sistema de refrixeración.
- C) O sistema de ventilación e o eléctrico.
- D) Todas as respostas son correctas.

98. Pedro circula no seu ciclomotor superando en máis de 80 quilómetros por hora a velocidade permitida regulamentariamente en vía interurbana. Esta conduta:

- A) É unha infracción que leva aparelada a perda dun punto no permiso de conducir.
- B) Non se considera un delito contra a seguridade vial.
- C) Considérase un delito contra a seguridade vial, que pode castigarse con pena de prisión de 3 a 6 meses.
- D) O Código Penal español considera esta conduta un delito de alteración grave da circulación.

99. Manolo pon en práctica a anticipación na conducción cando:

- A) Garda unha adecuada distancia de seguridade.
- B) Ante o imprevisto xurdido non reacciona de forma violenta ou brusca.
- C) Circula cun amplo campo de vision da vía e das circunstancias da circulación.
- D) Todas as anteriores son correctas.

100. Que freo é o principal dun turismo?

- A) O freo de servizo.
- B) O freo auxiliar.
- C) O freo de estacionamento.
- D) O freo ABS.

101. Alicia utiliza diariamente para desprazarse ao seu centro de traballo unha liña de transporte urbano da cidade de Santiago de Compostela. Sinale a afirmación correcta:

- A) O autobús urbano ten a condición de transporte público de uso xeral.
- B) O transporte urbano como o que utiliza Alicia ten o carácter de servizo público de titularidade da Administración.
- C) O servizo de transporte urbano das cidades pode prestarse a través dunha empresa, previa adxudicación administrativa, ou directamente pola Administración.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

102. Se es un condutor co permiso de condución de clase A2, estarás autorizado para conducir unha:

- A) Motocicleta con potencia máxima de 25 kW.
- B) Motocicleta con potencia máxima de 35 kW.
- C) Motocicleta con potencia máxima de 45 kW.
- D) Motocicleta con potencia máxima de 50 kW.

103. Quen crease sobre a vía algún obstáculo ou perigo:

- A) Deberá facelo desaparecer canto antes.
- B) Adoptará, entre tanto, as medidas necesarias para que poida ser advertido polos demais usuarios.
- C) Adoptará entre tanto as medidas necesarias para que non se dificulte a circulación.
- D) Todas son correctas.

104. Manuel acaba de adquirir un ciclomotor novo. Ata canto tempo está exento de pasar a ITV?

- A) Ata os 5 anos.
- B) Ata 1 ano.
- C) Ata os 3 anos.
- D) Ata os 6 anos.

105. Como procederemos se as circunstancias do tráfico nos impiden manter a velocidade mínima permitida?

- A) Deteremos o vehículo se hai beiravía.
- B) Circularemos á velocidade que permita o tráfico.
- C) Procuraremos realizar os adiantamentos oportunos para manter a velocidade mínima permitida.
- D) Ningunha resposta é correcta.

106. Un radar capta imaxes dun automóbil circulando a 130 quilómetros por hora polo centro da cidade de Lugo. A que sanción prevista no Código Penal se expón o condutor?:

- A) Unicamente a unha sanción de carácter administrativo.
- B) A unha pena de prisión de 3 a 6 meses, ademais da privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo superior a un e ata catro anos.
- C) A unha pena de traballos en beneficio da comunidade de 31 a 90 días, ademais da privación do dereito a conducir vehículos de motor e ciclomotores por tempo superior a un e ata catro anos.
- D) As respostas B) e C) son correctas.

107. Nun vehículo, onde é máis recomendable colocar unha carga pesada de maneira óptima?

- A) Na baca.
- B) Nos asentos.
- C) No maleteiro.
- D) As respostas a e c son correctas.

108. A dirección dun instituto de ensino pon a disposición das familias un servizo de transporte público destinado exclusivamente ao traslado dos escolares desde o seu domicilio ao centro educativo e traxecto inverso. De conformidade co artigo 67 da Lei de ordenación dos transportes terrestres, tal servizo de transporte público ten a condición de:

- A) Uso xeral.
- B) Uso especial.
- C) Uso restrinxido.
- D) Uso sectorial.

109. Juan ten o permiso de condución da clase C e pode conducir automóviles de:

- A) 8 pasaxeiros máis conductor e remolque de ata 750 kg.
- B) 9 pasaxeiros máis conductor e remolque de ata 750 kg.
- C) 8 pasaxeiros máis conductor e remolque de ata 3500 kg.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

110. Juan vai conducindo un coche; ante un semáforo cunha luz amarela intermitente debe:

- A) Extremar a precaución e de ser o caso ceder o paso.
- B) Acelerar e pasar canto antes.
- C) Deter o vehículo en todo caso.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.